

ARTE

Unha gran mobilidade artística en Arco 2004

► Na feira teceuse todo un entramado de intercambios culturais no que as galerías consolidadas arriscaron ► Dialogou o escándalo coas propostas máis convencionais

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

A gran mobilidade da sociedade contemporánea percibiuse este ano na 23 edición de Arco 2004. Teceuse todo un tramo de intercambios culturais mediante o cal galerías de recoñecido prestixio apostaron por sinaturas novas; galerías europeas mostran a artistas latinoamericanos, ou a proxección dos nosos artistas fóra da súa terra, como o demostra o feito de que a obra da galega Ángela de la Cruz sexa presentada pola galería vienesa Krinzinger. Todo iso é un exemplo da gran convivencia e equilibrio que se pode conseguir e así foi entre apostas do altísimo nivel con outras de menor presenza internacional.

Quedou plenamente integrado o máis puxante coa vivencia da tradicional práctica pictórica, no que se percibe como unha gran racionalización á hora de equilibrar os espazos expositivos. Dialogan o tan heteroxéneo das variadas propostas presentadas en forma de vídeo, instalación, escultura, con proxectos que se apartan de intencións escandalosas ou combativas.

Os tan deostados *chill-out* non nos pareceron tan desafortunadas áreas de descanso, despois de deambular durante longas horas de visita. En todo caso é de agradecer o seu aspecto visual cargado de cor e contido lúdico. Criticouse Madrid Abierto, cando enriquece a vista do visitante contemplar iniciativas inusuais á rutina paisaxe urbana, que o transforman en solucións efímeras pero efectivas. Si coincidimos en que algunhas propostas foron moi utilizadas a través do cine como o caso da réplica que plantea Diana Larea na fachada da Casa de América cos tantas veces pro-



Obra de Mónica Alonso en ARCO

xectados paxaros de Hitchcock.

Sobre o país convidado na presente edición, Grecia, si é certo que foi unha ocasión única para ver a actual creación artística dunha arte ata entón escasamente representado fóra das súas fronteiras. En todo caso, as pezas presentadas case non se diferencian das ofrecidas polos demais stands.

De ton alegre e atractivo, pero un tanto infantil, se tiña seriea de Ana Mathiu *Part/Apart*, inspirada na forma da cor tal e como sae do tubo de pintura, convertendo a aparencia física da cor en obxecto escultórico autónomo. Esparexido no contorno, simula as formas creadas na paleta do pintor. A instalación gaña en vistosidade ó aumentar a súa escala e tamaño na terraza da Casa Encendida. Paralelamente incrementase o espazo lúdico.

De ton un tanto *kitsch* e non acertado en canto a pretensión de lembración sentimental se mostra a especie de cabaré que María Papadimitriou montou no Espacio Uno do Reina So-

lida. Soldados maniqués tentando encontrar. un suspiro á fronte combativo da Segunda Guerra Mundial, enchoupándose de música e un pouco de diversión, convértese en burda sala de *karaoke* aberta ós que se animen a cantar o título que dá nome á composición *we'll meet again*. Maior acerto tivo a Instalación *Thorn*, de Eleni Lyra, na galería grega Gallery 7. Mediante fotografía dixital, combina o papel instalado nas paredes do stand coa acción dun corpo en movemento. O tema humano e a problemática espacial no que se percibe como estética metafísica. Co resto das propostas presentadas achegámonos un pouco máis a unha actualidade pouco coñecida en xeral.

Apostas de carácter experimental, en ocasións con ton de denuncia, percíbense claramente no proxecto *No comment II*, que expón a galería Valérie Cueto de París. Tomando o eslogan 'eu tamén quero ser un medio de comunicación' se articula sobre a estética da reciclaxe cubrindo cinco vertedeiros de televisores e or-

denadores usados. As pantallas emiten información de cadeas internacionais, reflexo dunha sociedade bombardeada de información de difícil dixestión para o usuario en moitos casos. Wang Du ironiza sobre personaxes e heroes do Star System, ó tempo que os consumidores reciben información á par que son consumidos polo propio medio.

Moi atractiva resultou a aposta de Pelayo Varela, considerando especial atención ó fenómeno da contemplación estética e a escucha como elementos a valorar na obra de arte. Crea un salón de deseño onde as cadeiras de brazos son órganos auditivos dunha sala que proxecta sen son un vídeo con discos lanzados ó espazo que se van destruindo tras un aparente xogo de tiro ó prato.

O fotográfico en Arco ofrece desde as máis variadas técnicas de impresión. Interesantes coas propostas da galería Valenciana Luis Adelantado ou as coñecidísimas multitudes nugas de Spence Tunick.

Moi visitadas as esculturas hiperrealistas de Evan Penny, con efectos ópticos increíbles.

Non faltou o poético en moitos stands orientais. Fabricio Corneli, na xaponesa galería Msohkan, sèrvese da luz e unhas siluetas na parede para conseguir móbil gracilidade. Non digamos da gran escultura de Martín Chirino nunha das prazas da feira creada ex profeso pra o evento 'Un arco para Arco' unha auténtica espiral que mergulla ó espectador nun amplísimo e variadísimo cosmos visual.

Con toques dignos e propostas avanzadas, segundo os casos, Arco consolídase ano tras ano como un dos escaparates de arte máis acreditados de Europa.

CINE

No interior do desconcerto de Toquio xorde o amor

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



LOST IN TRANSLATION

Directora: Sofia Coppola
Intérpretes: Bill Murray, Scarlett Johanson
País: EEUU

Toquio alumea en labaradas de cores inexplicables, cerimoniosas, aloucados, veloces, impenetrables. A cidade, desde as fiestras dun moderno e lúxoso hotel, paseando polas rúas, penetrando nos templos, recorrendo os seus ambientes nocturnos, móstrase enorme, misteriosa, confusa, allea. Cidade de neon, tan desconcertante, estraña e inhóspita como causante de curiosidade. Nela sitúa Sofia Coppola ós visitantes protagonistas da súa fermosa e fonda película: un home actor en declive contratado para realiza-la publicidade dunha marca de whisky e unha moza que acompaña ó seu marido en viaxe de traballo como fotógrafo. Moza e actor maduro coinciden no hotel, na cidade, na soledade, na falta de sono polo cambio de horario, no aburrimiento, nas miradas, na complicidade, na tenra atracción de se necesitar para preguntar e polo desconcerto que lle produce non saber aínda a onde ir, para contar el sobre o desencanto ó que chegou por vir de onde vén.

Non hai máis historia. A directora logra un equilibrio descritivo, de afondamento interno, mesura e ritmo narrativos extraordinarios: é das películas que nunca desexas que rematen, das que seguro volverás a ver. Para que todo coincida así, non teñen menos mérito os actores. Bill Murray lévanos do cansazo á perplexidade, do cinismo á ilusión infantil cunha suavidade de seda; Scarlett Johansson bica a cámara cada vez que se lle achega ós beizos, dá luz abra ou peche os ollos, seduce perdida, matinando, namora para sempre cada vez que ri.

A Caixa galega do século XXI

caixanova



SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIUDE EUROPEA DA CULTURA DO ANO 2000